

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
do 26 de Agosto de 2014.**

ACTA N° /2014

Na Casa do Concello de SILLEDA, ás once e trinta horas do día vinte e seis de Agosto do ano douce mil catorce, reúñese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

ASISTENTES:

PRESIDENTE:

D. Manuel Cuiña Fernández (PSdeG-PSOE)

CONCELLEIROS:

Dª. María Dolores García Troitiño (PSdeG-PSOE)
D. Klaus Brey Montaña (PSdeG-PSOE)
Dª Margarita Campos Espiño (PSdeG-PSOE)
Dª María del Pilar Peón Iglesias (PSdeG-PSOE)
D. Luis Rodríguez Vázquez (PSdeG-PSOE)
Dª María Jesús Penela Mato (PP)
D. José Antonio Ramos Dobarro (PP)
D. José Luis Espiño Espantoso (PP)
Dª Marta López Arines (PP)
D. Luis Juan Arceo López (PP)
D. Manuel Asorey Suárez (PP)
D. Matías Rodríguez da Torre (Grupo mixto)

SECRETARIO XERAL: Manuel Quintáns Queiruga, secretario do concello, que dou fe do acto.

Pleno Extraordinario solicitado polo Partido Popular e polo BNG para debatir, analizar e tomar algunha decisión democrática sobre a intención do goberno municipal de privatizar o SAF (acordo da XGL de 08/07/2014 de iniciación do expediente de licitación do contrato da prestación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF))

SR. ALCALDE: Comezamos o Pleno Extraordinario solicitado polo Partido Popular e polo BNG para o día 26 de agosto de 2014 para debatir, analizar e tomar algunha decisión democrática sobre a intención do goberno municipal de instaurar o SAF e, en consecuencia, do cambio de forma de xestión do servizo.

Isto é o que solicita o partido popular, e o BNG pois, básicamente, é o mesmo:
LECTURA DA SOLICITUDE DO BNG SOBRE ESTE TEMA.

Pleno Extraordinario pedido por ambas forzas políticas e, entoncés, o punto do orden do día, como queda claro, é o que ambas forzas políticas aquí expoñen.

Aberto o Pleno empezamos co turno de intervencións polo Partido Popular.

Voceiro P.P.: Boas tardes. Unha vez máis sumouse a sin razón e a necesidade e a falta de...

SR. ALCALDE: Antes de continuar, quero avisar que ao primeiro insulto, palabra malsonante ou agravio cometido por calquera membro desta corporación será chamado á atención e será expulsado deste Pleno, así que retire vostede a palabra necesidad.

Matías – Eso non é un insulto.

Espiño – Eso é un insulto?

Matías - Se se dá por aludido, é problema seu.

SR. ALCALDE: O voceiro do BNG non ten a palabra.

Espiño – No, porque a teño eu. Eu digo...

SR. ALCALDE: Se nos chama necios, será...

Matías - ...oídos sordos.

SR. ALCALDE: O voceiro do BNG ten unha chamada de atención porque non ten a palabra e é a segunda vez que lle digo que non ten a palabra.

Espiño – (...)

SR. ALCALDE: Simplemente se respetou

Voceiro PP: ... e a falta de talante democrático deste goberno. Xa vemos que nas últimas adxudicacións, estase lucindo. Vamos de chapuza en chapuza. A palabra perder xa non...no seu vocabulario xa non existe; que é todo ganar, e non dar o brazo a torcer, pero bueno a veces polo menos... é triste que nós teñamos que convocar un Pleno en época estival para que se respeten os dereitos de oposición, pero bueno, xa que así o quere, pois está feito, entonces.

Vamos facer unha pequena relación de feitos, e tal. Primeiro, cando vemos que se intenta levar este tema a Xunta de Goberno Local, cando esto se valora nun Pleno e vémonos na obriga de convocar un Pleno Extraordinario. E, bueno, cal é a nosa sorpresa cando nos chega vén nunhas formas que non procede porque aquí pónense cousas de que tiveron unha inspección -algo moi importante que xa se falará más adiante-, que se os concellos do PP de todo ao redor téñeno estandarizado, que vostede é a ovella negra, que a oposición o rexeitou e agora ten que sacalo para

diante -algo moi importante tamén-, e despois case que se nos invita a ir aos Tribunais. Pónolos aquí ‘Aos que os invito’, e claro como a vostede esto non lle costa cartos e esto ímolo a pagar todos os que estamos aquí no concello, pero bueno. Vemos, o que lle estou dicindo, que o conxunto do goberno local, en pleno verano se nos intenta meter este servicio e entonces á vista desto presentamos un recurso de reposición para ver se vostede era capaz de desmontar esto todo e levalo como ten que ser. Eu voulle dicir algunas das irregularidades que observamos. Primeiro que esto xa é unha competencia plenaria, porque se vostede o trouxo en noviembre a un anterior Pleno, o normal é que esto sexa unha competencia plenaria, senon por qué o levou da outra vez, non acabamos de entender. Despois, a segunda cousa gravísima é que vostede pon nos pliegos unha ano prorroga a outro. Se un ano prorroga a outro non son 309 mil euros, son 618 mil euros. Sobrepásase o 10% dos recursos ordinarios do presuposto, entonces esto xa é totalmente plenario; e vostede... a parte que o pon así na resolución. Esto cando foi a Pleno no ano 2013, xa en noviembre, os sindicatos xa lle mostramos o malestar de cómo vostede quería fazer esto. A Interventora xa puxo os reparos porque vostede non estaba obrando ben o servizo, non había estudio económico ningún e trouxérase o último día un estudio económico feito polos SS.SS. porque dixerón vostedes, sen firmar por nadie, e aí non se daba afirmado se era mellor dunha maneira ou doutra, non había forma de sabelo. Vostede o que ten que entender é que nós non lle temos culpa de que agora todo este tema salte porque vostede tivo unha inspección da Xunta de Galicia donde recoñece abertamente que vostede está cometendo esto irregularmente. E vostede leva aquí tres anos gobernando e tiveron tempo de sobra de coller esto. Claro, os inspectores chegan, ven que hai 1.500 ou 1.600 horas de traballo e que solamente hai 3 – 4 traballadores ‘E logo, o resto?’ ‘No, e que estaban...’ ‘¿E os contratos?’ ‘Claro, os contratos non existen’; pero, bueno, tivo tempo de sobra, xa non lle digo dende os tres anos atrás, polo menos dende que se convocou o Pleno de solventar esto e de volver a traelo ao Pleno. Despois, outra cousa...bueno, vou a falar un pouquín dos pliegos así xa por encima, que vostede ten que pensar que está tratando con persoas, porque claro, a xente maior son persoas e aí hai cousas que vemos que non se están respetando nada. A valoración dos servizos prestados por outras empresas neste tema é moi importante, porque é un persoal que está acostumbrado a traballar xa con esa xente que ten certa confianza (con esto non digo que teña que ser obligatoriedade, pero bueno eso debería ser un tema ---). Outra forma de cómo van a xestionar o servicio non se pon en ningún momento, cal vai a ser a metodoloxía de traballo, tampouco se sabe. Despois outra cousa que non sale tampouco é o precio de referencia que lle marcan por hora, porque eso vai a mermar na calidade do servizo. Eso está clarísimo. Despois con respecto ao persoal do Concello que se vai a subrogar, non vai a ter seguridade xurídica ningunha. Vostede imaxínese que a empresa, pois vostede dille 1.800 horas pero que a empresa arregle con 1.500 horas; esa empresa en calquera momento pode despedir a unha traballadora, ou por exemplo que non lle chegue o traballo e pódea mandar a calquera outro concello a traballar, esa xa é alterar as condicións, así que non ofrece ningunha ganancia: nin ao servizio, nin ás traballadoras, nin nada.

SR. ALCALDE : Ben. BNG.

Voceiro BNG – Ben. O primeiro vemos que xa está totalmente reestablecido porque ao acudir hoxe ao Pleno, consideramos que xa está de alta. Entón imos entrar nun debate. Debate que debeu de haber anteriormente; que xa houbo, nesta corporación; que xa saíu como saíu, e que agora debía ter acontecido anteriormente. Máis o que se procedeu foi a unha privatización dun servizo pasando por enriba do orden principal e competente deste concello que é o Pleno. Independentemente que utilicen como argucia que as decisións tomadas pola Xunta de Goberno Local son inalienables, que son soberanas; é verdade que o que se está pedindo é debater entre toda esta corporación sobre unha determinación que foi tomada por un Pleno democráticamente. Por tanto, esto o que significa é que a democracia neste concello brilla pola súa ausencia, porque cando se dí que ‘isto é pola porta de atrás’ é pola porta de atrás, porque independentemente de que se tome esta decisión nunha Xunta de Goberno, un entérase bastantes días despois dos pregos, da licitación, e de todo o que se quere facer despois de soberanamente esta corporación ter tomada unha decisión. E isto parece ser que vén derivado porque ao Alcalde enhénselle xa...bótaselle a cabeza no momento en que ve que hai unha inspección (isto dito pola Concelleira de ss.ss.), entón vendo esa inspección botan as mans á cabeza e o grito no ceo porque resulta que estamos nunha situación ilegal. Eso sabémolo todos; é máis, xa a súa antecesora intentou privatizar este servizo, pero lémbrome eu que estando nesa Xunta de Goberno lle dixen que ata que me demostrase que ese servizo melloraba cunha privatización, é imposible que tiñesen o voto a favor do BNG. E segue sendo imposible, porque aquí non se demostra nunca porque dentro das privatizacíons existen cuestíons económicas más cuestíons laborais e cuestíons sociais, que en definitiva é o fundamental para decidir privatizar un servizo ou non. Nas cuestíons de axuda á dependencia, ou axuda no fogar neste caso, pois precisamente nunca se demostrou que se mellorase con esto privatizado. Aínda así, o Concello de Silleda viña xa dende hai uns anos pagando unha serie de facturas a unha serie de empresas para realizar este servizo e entón, dentro desta mentalidade práctica que se lle supón que ten, pragmática que se lle supón que ten, ao Alcalde só lle fai falta colher ese servizo que se está prestando e externalizar e privatizar esa parte do servizo para poñelo de xeito legal. Entón aquí é onde podería haber acordo, pero como é testán e segue a ser testán, despois de recoñecer ao BNG que iso podía ser así, máis que non se facía porque non se quería, despois de recoñecerlo ás traballadoras que iso podía ser así máis non lle interesaba porque así a empresa gañaba menos –que vaia resposta dun alcalde, e dun garante público, da democracia e do diñeiro público-, privatízao totalmente. Aquí xa non estamos discutindo se se vai privatizar o servizo total, integral ou parcialmente; estamos discutindo cousas de sentido común: se hai algo que se está facendo irregularmente, o que habrá é que poñelo de forma regular para cumplir a normativa, e para cumplir a normativa xestionase eso de maneira privada, por exemplo, como estaba ata agora; máis presérvase o dereito das traballadoras públicas do Concello de Silleda, o que pasa é que vostede ten unha concepción túzara da política e da xestión, é dicir, foxe do

convidio coa xente, e entón como foxe do convidio coa xente non quere ter ao seu redor persoal que lle moleste, e o persoal que lle molesta é o que non pensa como vostede ou ao que non lle interesa o seu traballo, e a vostede as cuestións sociais non lle interesan o máis mínimo, de feito demostrao cando toma decisións neste Concello. Todos os días. Executa coa dereita, e a man esquerda non sabe onde a ten. Eso é así, é dicir, a proba está. A cuestión é que chegamos, despois de todo este problema, a solicitar un Pleno Extraordinario visto que no último Pleno Ordinario non se responde a, precisamente, unha licitación que estaba en marcha. Non se responde por diferentes cuestións. Puidose responder, polo menos, por escrito naqueles días, máis o alcalde como non sabe o que é a minoría nin a maioría nin a política nin a democracia, só cre na tiranía, nin tan sequera responde, áinda que aquel día se suspendese o pleno por cuestión evidente aquela do desaparecemento, pero que responda ao día seguinte ou dous días despois. Eso non se lle ocorre. A democracia... cruzanselle os cables con ela. Entónces, sigo para diante co asunto porque é un órgano competente, é un órgano soberano, a Xunta de Goberno. Claro, si, a Xunta de Goberno vai alí e Si Buana, e hala, vai para diante. A cuestión é que chegado este momento pídese entón un Pleno Extraordinario. Chegamos ao Pleno Extraordinario sen orde do día, despois de recibir un feixe, unha restia de agravios – eso sí que son agravios -, feitos dunha resolución de alcaldía do día 11 de agosto, porque e que...eu nunca víñ tal cousa, e mira que nesta comarca está Campos de Dozón, pero e que nunca víñ tal cousa nunha resolución por escrito dun alcalde donde convoca un Pleno para o día de hoxe sen orde do día – porque en todo caso, se dí que a orde do día é resolver a solicitude das dúas forzas políticas que piden este Pleno, pois teremos que coñecer unha da outra, xa a petición-. Tampouco se vislumbra aí a democracia. Sin orde do día, e sobre todo, sen acordo porque todos os Plenos teñen que ter un acordo a non ser que o alcalde teña pensado levar o debate e hala, marchar, morra o conto. Entón convócamos aquí para non sei que e despois de ter a santa chulería, porque eso sí que é chulería, de dous días antes proceder á adxudicación do servizo. A propósito, que non me veñan agora con prazos nin sin prazos. Proceder á contratación do servizo sen mesa de negociación, sindical; porque aquí tivo unha reunión cos representantes dos traballadores, porque o representante dos traballadores estiveron detrás de vostede e a vostede dalle exactamente igual; aquí o que importa é establecer a tiranía, facer o que a min me dá a gana, cando algo me molesta pois tiro para diante e cando non me molesta...pois se me fan a pelota, ben, senón non me vale. Entón entramos no fondo da cuestión que é que se privatiza un servizo, no que o 95 % do servizo é privado e o 5% era público e pasa a ser privado. Máis agora, saben vostedes, que a precarización laboral que van a sufrir as traballadoras, pois non é a do Concello de Silleda, precisamente; porque por moito que me conten que hai convenios, que están subrogados... a ver quen fai esa supervisión, a ver quen fai ese control despois de ter unha empresa privada os dereitos laborais dos traballadores. E precarizando continuamente como se está precarizando. E eso é así, o que pasa é que a vostede eso dalle igual porque xa o ten dito así unha e mil veces. A vostede que a xente traballe por 400 € 12 horas, é dicir o que entendería vostede por media xornada, dalle exactamente igual, porque o ten dito moitas veces, porque de obreiro e socialista non ten absolutamente nada. É máis, non

sei se o terá algún dos que está sentado nesta mesa. E daquela, xa dende logo que non. Eso teño claro, porque e que o que se está discutindo aquí é algo de sentido común. É acordar as tres forzas políticas ‘isto faise así? Que vos parece? Estamos facendo de maneira irregular, sabedelo todo porque ... isto non se dou regularizado (que eu ainda non entendo por qué, supón que por deixadez ata agora) e imos proceder a facer isto e o outro’. Ben, ninguén tería discutido nada e é unha forma de encontrarse. Despois vostede presume de diálogos nas comisións informativas antes do Pleno e logo chega aquí e dí ‘esta é a miña proposta. Inamovible. Pero dialoguemos’. Pero, xa vemos cal é o diálogo. Non sei qué entende vostede por diálogo. Entón esto todo lévanos a preguntar varias cuestións porque sabendo que a privatización deste servizo se fai por medio da Xunta de Goberno, que lle dan poder absoluto. Nun ano serían 309.000 €; un investimento de 309.000 euros para o Concello de Silleda para un servizo é unha burrada. Entón fíxese o poder que lle dá a normativa, a lei, a un Alcalde. Parece un bi-rei. Nun Concello como Silleda de 8.900 e pico habitantes investir 309.000 euros prorrogables a outros 300.000 euros que serían 618.000 euros. Iso é totalmente ilóxico, sobre todo partindo dun goberno que está en minoría, e partindo dun servizo que se está prestando de maneira irregular e simplemente habería que trasladar a súa xestión. E xa lle comentei moitas veces que esa xestión dese persoal público é un cadrante. É facer un cadrante diario. Se neste Concello hai empresas privadas que se dedican á xestión da dependencia e leva todo unha traballadora con 30, 50, 60 traballadores que poideron chegar a ter, imagínese se non se dará feito no Concello de Silleda con 5 traballadoras. O que vemos é que non se Abreu ningún tipo de discusión. Nós queremos saber que tipo de intereses económicos levan a facer isto. É a única explicación que atopamos. Porque despois de recoñecer que a xestión pública sí se podería dar ou a xestión público – privada nesa porcentaxe sí se podería dar, cal é o interese económico. Cal é o interese económico, porque a min ocurriéndome moitos verbos, verbo precisamente dese interés económico.

M. C.- Bueno, ben. A ver se damos feito un pequeno resumen de todo o dito aquí. Primeiro, como xa se dixo veu a pleno no mes de noviembre esta realización a cal foi rechazada e se acordou que se iba a prestar o servizo directamente dende o Concello, o cal levaba a abrir un proceso de contratación de persoal, e levaba a facer un estudio do perosal que había que contratar e se empezou a facer por parte deste goberno para facer a contratación do persoal todo que era necesario. Logo despois apareceu polo medio unha Lei que non sacou este goberno, que sacou o goberno do Partido Popular de Madrid que saleu en diciembre no cual cambia as funcións e vai a regular as funcións todas dos concellos. Entre elas o servizo de axuda no fogar. Co cal, segundo os técnicos deste concello parecía unha temeridade abrir un proceso de contratación de 10, 12,15 persoas cando non se sabía, en qué mes, en que ano, en qué día se iba a deixar de prestar o servizo porque podía estar o concello abocado a estar nunha situación... Entón recomendaban os servizos técnicos do concello facelo así. Empezouse a buscar outras solucións e unha das solucións que se dou foi esta realización por un ano que é competencia da Xunta de Goberno. Non é nin porta de atrás, nin porta de adiante. É competencia legal da XGL. E as competencias da XGL

ao igual que as do Pleno son totalmente lícitas e legais, igual que as competencias do Goberno Central e igual que as competencias da Xunta de Galicia ou calquera outra administración. Decídese externizar todo o servizo tendo en conta os informes tanto económicos, como técnicos, de servizos sociais. Os informes dos técnicos de servizos sociais deste concello dí que a externalización de custos cos que actuaron as administracións de xeito generalizado hasta o punto que a externalización do SAF é un servizo incuestionable nos concellos grandes e con tendencia expansiva nos pequenos. Potencialmente estas colaboracións externas permiten obter flexibilidade, diversidade de medios, coñecementos, tecnologías especializadas, económicas de escala e aforro de custos que a administración non ten. Esto o firma a responsable do servizo do departamento do Concello de Silleda. O estudio de costes despois de estar o servizo xa adjudicado nos dí que no que vai de ano aforrariámos (agora mesmo nos costou no que vai no ano o servizo 152.500 €), e coa oferta que temos, coa oferta que está xa adjudicada, nos custaría 146.000 €, ou sexa que temos 8.000 euros menos ou 7.000 euros menos e o informe técnico de que é mellor así. Prácticamente os concellos todos de Galicia optaron pola mesma fórmula que nós e teño que dicir que a totalidade dos concellos gobernados polo BNG optaron por esta mesma fórmula que nós... que somos tan de dereitas, que temos tanta man da dereita nada máis pois optaron por esta mesma fórmula. E os do PP,todos optaron por esta mesma fórmula. Esto é a propósito do portavoz do PP lle dixo a algúñ colega seu que lle preguntou como votaba que non que sabía que o mellor para o concello era esto pero que tiña que facer política e que tiña que facer daño. O Concello que non ten esta fórmula más cercano que é o da Estrada está no proceso desta realización exactamente igual que nós e incluso parece ser que vai a subrogar todo o persoal dunha cooperactiva que está levándose. Vou intentar agora, dito esto, así a grandes rasgos intentar ves anotacións de cada intervención e intentar contestar unha por unha.

Por qué se leva a XGL? Porque está claro que veu unha vez ao Pleno e non saleu, e está claro que non saleu todos sabemos por qué. Non por razóns óptimas do servizo nin nada. Por razóns obvias de política de facer daño e nada máis, sin importar os usuarios e sin importar este concello para nada. Como é a costumbre.

O recurso de reposición eu creo que foi contestado claramente, técnicamente e asesorado polo secretario, de que non cabe o recurso de reposición feito dessa forma ante un proceso que está en curso.

Competencia plenaria xa dixemos varias veces que non é competencia plenaria. O contrato é por un ano e a Lei dí que se é unha prórroga tácita se entenderá o contrato total. Esta non é unha prórroga tácita porque para empezar teñen que estar de acordo as dúas partes, para empezar pódese agora na firma do contrato xa por calquera das partes renunciar á prórroga. O sea que non é unha prórroga, non se entende como prórroga e así se interpreta clarísimamente na Lei, a cual eu lín varias veces e así o entende o que nos asesora jurídicamente como marca a lei a secretaría deste concello. Non se pode sumar esa prórroga ao importe do contrato porque incluso agora no

contrato se pode xa renunciar expresamente a esa prórroga. Non é unha prórroga tácita na cual ese servizo segue igual.

Os sindicatos expresaron o seu malestar. Esto creo que tamén o dixo o portavoz do BNG. Os sindicatos, comité de empresa e representantes da CIG –que é o sindicato que ten a maioría neste concello, que non sei se será como este Alcalde que non sabe onde ten a man esquerda...que só teñen man dereita os da CIG- estiveron reunidos conigo e me fixeron todas as preguntas que creron convintes sobre o servizo, externalización e a subrogación dos traballadores e a representante da CIG me dixo que era a mellor fórmula posible e que as traballadoras quedaban na mellor posición das posibles de todas as que se fixeran. Ela mesmo mo dixo a min en persoa, diante do comité de empresa. Aquí todos obramos cunha man...cunha man dereita porque o único que obro coa man esquerda son eu... porque na petición de pleno está claro que dí, que urxía que non conocíamos...as peticións son exactamente idénticas, como non iban a coñecelo. Se son os dous únicos grupos de esquerdas que hai aquí. Á CIG non lle importan os dereitos dos traballadores porque me transmitiron a min que quedaban na mellor das posicións possibles.

Se podería externalizar parte do servizo? Se podería pero tamén ... unha, os que estamos aquí para tomar decisións estamos para tomar decisións peros... a quien máis perjudicaría externalizar esa parte do servizo? Ás traballadoras. Sería a quien máis perjudicaría e así llo expliquei ao comité de empresa e á representante da CIG que creo que desto debe de saber algo. Imaxínome que moito más ca min, e se cadra algo máis que a maioría dos que estamos aquí. E así me transmitiron que tiña toda a razón, porque se externalizados a parte do servizo que agora están facendo as empresas, que pode ser un 90%, e o traigo aquí ao Pleno e o discutimos entre todos, seguramente sale para diante por 2 ou 3 anos...así xa se sale gañando unha pequena batalla e vostedes daríanlle para diante. 3 anos de externalización, 90% do servizo, hala! 1.600 horas, 1.500 horas... as outras 400 facémolas nós; e en canto a Xunta de Galicia que igual que de un día para outro aumentou as horas o doble, as reduzca á metade, pois as traballadoras que están neste concello estarían na calle, non estarían subrogadas, porque habería unha empresa que tería un contrato para esas horas e subrogaría ás traballadoras deste concello, que calquera corporación (que non estamos falando xa da boa vontade de ningún dos que estamos aquí, porque estamos falando que cando calquera contrato acabe aquí pode estar calquera persoa coa vontade que teña...) e se encontra que lle reducen 600 horas e se encontra que ten un contrato coa empresa que cubre esas horas, se encontra con 5 traballadoras que ten que mandar á calle con 20 anos de indemnización, con 20 días de indemnización por ano por ano traballado. Entónces íbamos ver se era mellor para as traballadoras ou se era más malo. Entónces veríamos a ver que din esas traballadoras que agora falan de que tanto as agraviámos cando se viran na casa cunha indemnización que lle daría para uns poucos caramelos. E tamén se pode dar outro caso, que o sabemos todos. Que o día 1 de xaneiro ou o día 2, ou o día 24 ou cando as administracións que nos gobernan e nos mandan tan ben como os que sacan estas leis dun día para outro e despois non saben desarrollar, decidan que como dín nesta lei que esta non é competencia do

concello (dos concellos de 20.000 habitantes según pon esta lei non é competencia nada, porque quitan todas as competencias) entonces decidan que este servizo o ten que levar a Diputación ou a Xunta de Galicia ou quen sea e se encontra que en Silleda ten o servizo externalizado parcialmente. Bueno, pois resulta que a Diputación como exemplo que dá todos os gobernantes do PP, que non hai ningún que non o teña externalizado e neste caso a Diputación de Pontevedra non vai ser menos, porque está claro que o vai a externalizar, pois externalizariase o servizo, faría o mesmo que estamos facendo aquí, así que o señor Secretario do PP de Pontevedra faría o mesmo que tanto están discutindo e dudando os integrantes do PP. Pero cal sería a diferencia? Está clara, e han concordar comigo os membros do comité de empresa e CIG. A representante da CIG díxome que claramente que como moito deixara ás traballadoras coas mesmas condicións que as deixamos nós, salvo unha, é imposible que esa condición quedara, serían subrogadas do ámbito do servizo. Serían subrogadas pola Diputación á empresa que collera o servizo. Eso sábeo todo o mundo. Está claro? Por qué non lle dín vostedes ás traballadoras que eso sí sería así efectivamente? Non lle vai poñer cando subroguen ás traballadoras á empresa ‘as traballadoras de Silleda estarán ao servizo de Silleda, as da Estrada á Estrada e as de Cuntis en Cuntis e as de Caldas en Caldas’. No. Todas serían subrogadas nese caso coa obriga de prestar o servizo no ámbito do servizo, é dicir, toda a provincia de Pontevedra. Eso non llo dín vostedes ás traballadoras. Que o día 2 de enero ao mellor terían que ir prestar o servizo a Tui e que non queda garantizado que vaian a prestar o servizo en Silleda. Eso non llo dín ás traballadoras. Eso solo é o Alcalde e o grupo de governo que son os malos malísimos da película. E o triste é que as traballadoras non se informen seriamente e sepan o que hai, e o que ten que ser. E sepan que se non son subrogadas agora, dentro de 6 meses poden ser despedidas con 20 días por ano traballado. Creo que calquera sabe botar as contas. Ou poden ser subrogadas e desempeñar a súa función donde queira a empresa que colla o servizo sen ningún tipo de problema. Agora mesmo, as traballadoras que pasen a esta empresa queda coas mesmas condicións que están no concello. Poden ser despedidas igual que poden ser despedidas no concello. Poden ser explotadas igual que poden ser explotadas no concello. Teñen os seus dereitos garantizados igual que están no concello. Vou a velar eu que esos dereitos se cumplan, para eso hai uns sindicatos, para eso hai uns representantes laborales e para eso hai unhas bases que a empresa ten que cumplir, pero, e como reconoceu, xa non digo o comité de empresa e compañeiros deles que non teñen que saber desto más que nós, pero sí a representante da CIG que mo reconóce que é a mellor fórmula que hai, como quedan mellor ás traballadoras. A min gustaría me explicaran calquera dos dous grupos se lle dixerón ás traballadoras qué pasará o día 1 de enero se este servizo pasa a mans da diputación. Qué pasará. Gustaría me explicaran se lle dixerón ás traballadoras qué pasará o día 1 de enero se o servizo segue no concello e a Xunta de Galicia decide rebaixar as horas á metade, - porque igual que decideu aumentalas ao doble pode decidir rebaixalas á metade- e este concello tivese un contrato cunha empresa de 2 ou 3 anos. Gustaría saber se se sentaron con elas e lle explicaron esas posibilidades todas, e se lles explicaron esas posibilidades todas a ver como llas explicaron, qué pode pasar e qué non pode pasar. A ver se llas explicaron nestes

termos ou noutrous, porque eu expliqueillo nestes termos a elas e aos representantes sindicais, e xa digo, os representantes sindicais déronme a razón, e me dixeron que quedaba nas mellores condicións.

Estudio económico. Volta co estudio económico! Aquí se non hai estudio económico sea nisto, na basura, na EDAR, no que sea. Aquí se non hai un estudio económico tipo dos que facía o PP e que costaban 30.000 euros, eso non vale. Se non hai un estudio económico, se non hai unha factura detrás do estudio económico que poña 20.000 euros, 15.000 euros, 30.000 euros, entonces non vale. Xa non hai estudio económico. Esto pasa a ser xa case espantoso. Porque o que fan os funcionarios do Concello non vale para nada. Aquí había estudos económicos, anteproxectos... de campos de fútbol, de non sei que. Vale, 15.000 euros, 20.000 euros, pagados externamente. Aquí hai o coste do servizo real feito polos técnicos e polos funcionarios deste concello. O que costa o servizo, o que costa a hora., o que costa por ano, o que costa o 2013, o que costa no que levamos do 2014, por mes (...), co que costa externalizado (...), coas horas que foron porque o contrato non é de 350.000 euros nin por 360.000 euros, é hasta 360.000 euros e depende das horas. Ojalá sea por 350.000 euros que eso quere dicir que están botando más horas, ou hai algunha obxeción a que prestemos más horas de saf? As horas van aumentando, antes eran 1.800 e pico, agora son 1.900 e pico as horas que temos adxudicadas, horas que temos case todas cumplidas. Ahora mesmo temos cento e pico horas libres, sen adxudicar, que están pendentes; agora mesmo estanse prestando efectivas 1.700 horas, e temos un total de 1.900 horas concedidas que van aumentando, áinda nos ofertaron agora 70 horas máis. Temos 195 horas que están disponibles, que temos os usuarios que van a entrar nese servizo, a partir de agora xa. Teño aquí as iniciais coas horas. Vannos quedar a partires dos próximos días 7 horas disponibles, así que o custe do servizo depende das horas prestadas, e evidentemente o custe do servizo será máis ao que teñamos estas horas todas. E canto máis nos acerquemos ás horas que temos concedidas, mellor será porque máis servizo daremos.

Dí o voceiro do PP que dende o último pleno houbo tempo para regularizar. Dende o último pleno, que foi en novembro, empezouse a facer os estudos para facer a contratación. En xaneiro sale unha Lei, que é un despropósito que vostede non sei se lle chamou a atención a alguén por facela ou se preguntou a alguén como a van a desarrollar, ou como a van a levar a cabo. No, porque a fan os seus, e áinda que nos leve á máis absoluta ruína, pois xa está. Están contentos. Por certo, os concellos do PP teñen todos o servizo externalizado. Deben ser todos...non sei como nos chamaba vostede ao principio , xa cando o corrixín.

A valoración do servizo prestado por outras persoas, o cambio de persoal, ou unha das cousas que dí o informe de ss.ss. polo que é mellor o servizo externalizado, é porque está estudiado e está sabido que se cambia a menos o persoal aos usuarios, que é un dos problemas que teñen os usuarios, cando se está cambiando moito o persoal. E está demostrado que coa empresa externa os usuarios sufren menos cambios de persoal que cando o está levando o concello.

O persoal subrogado que queda que queda sen ningunha defensa xurídica... xa o contestei antes aquí. Dígalle vostede á representante da CIG...que ve que queda con seguridade e me gustaría que me explicaran, aquí baixo os seus puntos de vista ou baixo os seus estudos, qué pasa cando outras Administracións decidan sobre este servizo. Que esta Lei pon claramente que non é competencia deste concello prestar este servizo. Gustaríame saber que vai a pasar.

Sobre as manifestacións do BNG ... levouse a pleno con toda a intención de ser todo razonable e se decideu no Pleno que se levara no concello directamente, cousa que non hai prácticamente en Galicia ningún concello que o faga, e así se iba facer, se non sale esta lei hoxe estaría feito. Non se volvے a traer ao Pleno, porque unha é competencia da Xunta de Goberno Local e, outra, o resultado.

A externalización parcial... acabo de explicalo, aquí non se fai externalización parcial precisamente porque todos os informes que ten este goberno e que ten esta alcaldía, din que sería o peor para as traballadoras. Unha externalización parcial para nós sería a opción más cómoda. Sería poñer eso e acabaríamos con este debate e estes problemas. Non se fai única e exclusivamente pensando nas traballadoras que están agora. E non é por nada, pero se se houbera feito ogallá non tivera razón eu, ogallá as traballadoras seguiran nas mismas condicións que estaban, pero é prácticamente inviable que as traballadoras o ano que vén poidesen estar mellor do que van a estar se se fixera esta externalización parcial e o máis triste é que todos vostedes o saben. Eso de que eu dixen de que facíamso así porque senón a empresa ganaba menos é unha mentira que roza a calumnia. Eu nunca dixen eso. Non sei que empresa ganou o concurso, non os conozco, nunca os víñ por diante... para querer que ganen máis cartos. Nunca dixen eso. Igual que nunca dixen que me alegrara de que haxa traballadores cobrando 400 euros. Cando vostede dí varias veces que me alegro de que haxa xente que gana 400 euros porque non sei onde teño a man esquerda, solo teño a dereita, repito que nunca dixen eso. E non sei que é máis de dereitas se eu que nunca dixen eso, ou vostede que vén da man dos que fomentaron e fixeron que haxa sueldos de 400 euros. Vostede vén da man, e ás probas me remito que é moita casualidade que o que piden vostedes no Pleno sexa o mesmo o dos dous. E son os responsables de que haxa traballadores cobrando 400 euros. Os responsables de que o paro se maquille tendo traballadores a media xornada cobrando 400 euros.

A pesar de pedirle respeito, e a pesar de vostede dicir que son todo o que son, porque me chamou tirano dúas ou tres veces ... é triste que non queira debatir noutros termos porque poderase estar dacordo ou non co que se realiza, pero bueno, a tiranía é un vocablo que vostede como profesor sabe moi ben o que significa e que non creo que corresponda a esta alcaldía. Creo que nin sequera o cre vostede áinda que o diga.

E volve a insistir, igual que o portavoz do PP, que é un pleno sen orde do día. Oiga, eu non pedín este pleno. Eu non quero este pleno. Eu non vou a poñer unha resolución, se querían unha resolución concreta, pedíranla. A orde do día está clara,

póñena vostedes aquí os dous. Ademais os dous igual: ‘que se debata e analice, e tome unha decisión democrática sobre a intención do goberno municipal de externalizar o saf’. Esta é a orde do día. Analizar e se procede, tomar unha decisión. Esta é a orde do día clara. Eu non vou poñer unha orde do día porque eu non pedín este pleno. Nin vou a poñer unha toma de decisión específica porque este goberno xa tomou as decisión que ten que tomar sobre este servizo. Entón a orde do día está clara. Son vostedes os que convocan o pleno. Cando esta alcaldía convoca o pleno, pon a orde do día, por eso os convoca.

‘Debería coñecer as peticións de unha e outra...’ volvemos ao que estaba dicindo: se che dá vergonza ir da man do pp, non vais. Se che dá vergonza consensuar con eles, non consensúes. Se che dá vergonza plantexar puntos de acordo con eles, non os plantexes. Pero unha vez que plantexades, non renegues do que fixestes. Como non coñecedes uns os dos outros se é o mesmo acordo o que se pide. É o mesmo, o dun que o doutro.

‘Convócanos aquí para non se sabe qué...’ pero esto é un esperpento! Quen convocou a quien aquí?: Manuel Cuíña Fernández.

Sr. ALCALDE: Hombre! Porque me obriga a Lei. Pero quen convoca esto son vostedes. Sodes vós, os dous grupos. Sodes vós os que non tedes que darse tanta prisa en pedilo, e consensuar primeiro qué queredes debatir e qué queredes facer. E facer unha petición clara. Pero sodes vós os que pedides este pleno. Non é este goberno o que convoca.

Os dereitos dos traballadores. Xa o dixen claramente. Na Cig e no comité de empresa que estuvo reunido comigo e xa dixen claramente... de feito encima desta mesa hai escritos por doquier protesta do PP e do BNG, do comité non. O comité de empresa debe ser malo neste concello, deben mirar moi pouco polos seus compañeiros, porque do comité de empresa aquí non hai ningún escrito. Dende que se empezou co servizo ata que se rematou, aquí non hai ningún escrito, ningunha reclamación do comité de empresa nin dos representantes dos traballadores, así que deben de ser moi malos nas súas funcións, que son os que teñen que defender aos traballadores. Nós, tamén, pero nós temos que defender o conxunto xeral do concello. Non solo os traballadores. E, neste caso, os traballadores, se me apuran e con todos os respectos, os que menos. Os que máis, os usuarios, que son 40 e pico persoas maiores. Eses os que máis. Pero o comité de empresa, non. O comité de empresa ten que defender os traballadores. E os representantes sindicais teñen que defender os traballadores. E aquí non hai ningunha reclamación. E estiveron reunidos comigo e coñecen o proceso de principio a fin. Así que tan malo non debe de ser para as traballadoras.

E o que dí de ‘qué interese económico leva a facer esto’, bueno eu xa estou cansado de que sempre se insinúa de que hai algún interese económico e oscuro e se queren facer algunha denuncia ou algunha cousa, fágana e senón estean caladiños,. Xa digo, non coñezo a empresa que levou o servizo, nunca os viu diante, nin sei quenes son para insinuar que hai intereses económicos oscuros, porque os intereses que hai son claros. O espello do que fan o resto das administracións, todas. Debe de haber un 2

ou 3% dos concellos de Galicia que teñan este servizo sen externalizar. Por algo será. Incluído os concellos, pregúntelle vostede aos seus compañeiros de Poio, de Pontevedra, de Teo ... se o teñen. Se este alcalde é tan tirano por facer esto, eses compañeiros do seu partido deben ser tiranos; non digamos os do pp. Xa qué serán. Eu imaxínome que o outro día que se xuntou cos alcaldes o voceiro do pp lle diría ‘pero vós como facedes esa salvajada! Ter ese servizo externalizado’. Informe das técnicas de ss.ss. que recomendán externalizar o servizo. Informe económico no cal queda claro que sale máis barato o servizo. Informe no que as traballadoras quedan na mellor posición das posibles. Esto é no que se basou este goberno para externalizar este servizo, ademais de que estaba nunha situación irregular que había que regularizar.

SR. ALCALDE: Turno de intervención para o PP.

PP- Para empezar, por alusións, por eso que dixo vostede como o dos 400 euros, que eu lle dixen a meus colegas, que non sei que, que é por facer política, que é por facer dano... esto terá que probalo tamén, porque é moi fácil dicilo. Sempre botándolle as culpas a outras administración, que se maquillamos as cifras do paro, bueno todos sabemos as herencias que veñen de atrás pero bueno, esto xa é algo que se ten falado. Ben, vostede dí que hai un estudio que se empezou a facer, agora di outro estudio que xa está feito por ss.ss. ... ao final non sabemos nin se o hai nin se non o hai. Parece que hai un estudio de ss.ss. pero firmado por nadie, sen saber se é mellor externalízalo se non. Ao final non demos sabido nada. Con respecto ao tema que vostede dí do comité de empresa, dos traballadores... vostede se reúne con el porque lle pediron unha reunión, non os chamou voluntariamente, eso primeiro. Despois, as traballadoras que nós saibamos pedironlle cita a vostede, non se dirixeu vostede a elles en ningún momento... e que vostede diga que esta vai a ser a mellor maneira na que as traballadoras van a ter a asistencia xurídica máis grande, eso... e o que dí vostede de se o van a coller outras administración, que se van a ir á calle... de momento vostede non pode dicir eso, non pode probar nada. A asistencia xurídica da empresa... en calquera momento poden ser despedida, pódense mandar a outros concellos e altéranlle as condicións totalmente. E eso de que é igual nunha empresa que nun concello, non é certo. Sabe perfectamente que no tema público, no municipal, quizá se respeten más os dereitos. Tamén dí na orde do día que nós non marcamos a orde do día, díse claramente ‘analizar e debatir o tema’ e pídeselle un estudio económico do que non dixo absolutamente nada. Ademais do que soltó aquí de que vaímos aos tribunales e tal. Con respecto ao recurso de reposición que nós lle presentamos non contestou e expuxo que nolo denega de plano. Voulle expor as ilegalidades que cometeu: o acordado no pleno de novembro é competencia plenaria; como é un ano prorrogable a outro, tal e como poñen os pregos (...) e xa tiña que ser competencia plenaria pero vai e comete unha segunda irregularidade , vostede xa nos dí que o alcalde renuncia a pedir esa prórroga , ou sexa que se están incumplindo as cláusulas neste recurso, porque calquera empresa esto pódello botar abaixo. Se vostede lle dí que é un ano prorrogable a outro agora xa lle dí no medio da

contratación de que non vai a facer a prórroga...vostede díxolle esto ás empresas que se presentaron? Preséntelle estas condicións, dígalle que vai a ser por un ano solo. E como vexo que non vai a dar o brazo a torcer e está cometendo tantas irregularidades e quere pasar por encima de nós e nós como oposición non podemos permitir eso...nós xa lle digo que imos ir aos tribunais. Temos que estudialo ben xurídicamente; non sei se temos que ir polo civil ou polo penal pero xa llo garantizo aquí. Despois, falando da empresa de que vostede non a coñece...esta empresa vouna nombrar eu porque é pública, Saluvri, eu non a coñeço tampouco de nada, teño algunas referencias e sei de algúns concursos que tiña que presentarse e ao final non dou constituído a garantía, non sei se vostede o sabe ou non. Esperemos que aquí non nos pase igual. En concreto tamén falou vostede das depuradoras e non sei qué e espero que tamén no tema das depuradoras non teña que ir eu aos tribunais para que se garantan os dereitos dos cidadáns de Silleda, pero case aposte algo a que ese tema vai a quedar deserto , que vostede non vai a ser capaz de sacar eso con irregularidades grandísimas, copiando cláusulas do 2003 de cando se puxo por primeira vez a depuradora en marcha. Vostede está nun calello sen saída porque non pode facer esto porque senón sabe que lle ten que subir as tarifas aos cidadáns entre un 50 e un 60%, e non se vai atrever a facelo, e vostede encheuse de dicir na prensa que se era o mellor para nós, que sacalo a concurso...

SR. ALCALDE: Cando queira falar das depuradoras, xa saben o que teñen que facer, pedir outro pleno extraordinario e falamos das depuradoras.

PP – Vostede antes falou das depuradoras, e por alusións nada máis. Esa aclaración. Andaremos e veremos.Verá como máis adiante vostede darame a razón e non vai a sacar ese concurso adiante por facer as cousas mal, e os silledenses non teñen que pagar o que vostede faga os pliegos mal e agora teña que quedar deserto. Xa lle digo que nós este tema ímolo levar polo tema xudicial, xa que vostede non quere dar o brazo a torcer teremos que estudialo, e que conste que sempre dixemos aquí que non nos gusta xudicializar a vida política, pero neste caso non imos permitir que se pase por encima de nós, porque son moitas as inxustizas que se cometan.

Voceiro BNG– Ben. Hai que dicir que eu sorpréndome das actitudes do PP en Silleda, porque todo isto vén derivado dunha modificación, dunha Lei, dun Montorazo máis, que quita todas as competencias aos concellos de menos de 20000 habitantes e o PP é o responsable dela e aquí están defendendo unha cuestión contraria, por tanto o PP de Silleda ten que saír, voz en alto e dicir que discorda con esa Lei. E, igual que o alcalde, non vale dicir con boca pequena que se discorda e logo aproveitarse dela, porque se aproveita desta e doutras. E baixo o seu perfil de ideario político, pois cre nesas cousas, é así. O tema é que hoxe logo de traer un pleno extraordinario, no que sí hai cousas que coinciden, porque nós fomos moi claríños naquel pleno ordinario. E na pregunta fomos moi claríños e non se nos contestou e por eso pedimos este pleno extraordinario, a sabendas de que non nolo ten que conceder porque non somos nin o 25% da corporación. E de feito non o concede, porque cando foi da Semana Verde non nolo concede. Esto amosa cales son

as súas cartas ‘eu nunca falo’, ‘eu nunca me sento’... non, é todo ao final. Cando hai un problema gordísimo, como cando foi o da Semana Verde, un día antes chámanos. Sempre así, é como funciona. Home, claro, fáltalle ese milímetro para ser un tirano. A cuestión é que dende esta mesa fóise moi respetuoso. Cando se fai unha crítica nunca é unha crítica persoal senon que é unha crítica ás acción políticas. O que pasa e que aquí de política non se sabe. De política utilizase unha resolución de alcaldía para enviar unha serie de acusacións que nunca deberían pisar un documento público, desa maneira. De política non se fala cando se ten que dar a versión de cómo é a defensa dun servizo público. De política non se fala cando se ten que decir que se discrepa con esta normativa, e que se vai levar ata as últimas consecuencias, o que teóricamente a agrupación pensa, xa digo teóricamente, na práctica non. Porque as disculpas que nos dá aquí continuamente é non tomar decisión políticas, e cando non se toman decisión políticas este concello podería quedar nas mans dun xestor. Quitar un concurso e que unha xestoría, que aquí hai varias, e que xestione o concello. Que iría moito mellor. Porque aquí as decisións políticas que se toman non valen para nada. Cando se nos está dicindo constantemente ‘non se lle dí ás traballadoras’, ‘non se conta coas traballadoras’ ... as traballadoras deste concello saben perfectamente cal é a situación e como está a situación do saf e sábeno porque xa se lle avanzou, porque hai xente que nos dedicamos a informar dende aquel pleno de novembro como poderían discurrir as cousas. Sábeno. Porque nós xuntámonos con todo o mundo. E as cousas poden decorrer dunha maneira que cheguen a ser totalmente privadas dende a xestión municipal, claro que sí. Pero aí é onde terá que ter en fronte a alcaldes e concelleiros que teñan realmente a dignidade de defender ao persoal público, e vostede sabe que no momento en que se subroga un traballador a unha empresa teóricamente queda amparado con todos os dereitos. Tamén sabe como acaban sendo as nóminas deses traballadores, as xornadas de traballo e todo iso, porque están no mercado laboral capitalista, e o mercado capitalista que o único que o pode obstruír é o mercado público, o mercado capitalista está para iso, para explotar á xente. Pero vostede cando fala ‘igual que poden ser explotadas no concello...’ parece o patrón dunha multinacional. E esa é a mentalidade que ten o patrón dunha multinacional. Igual que hai rapaces que están cosendo pantalóns por uns céntimos, pois aquí fanse horas por un tubo para unha empresa ou para un concello. Aquí falta a sensibilidade da administración pública. Cando vostede dí ‘e que prácticamente todos os Concellos menos un 2% teñen privatizado...’ haberá que ver cal é a situación de cada concello, haberá que ver como actuou cada concello. Eu a nivel de prexulgar quédome co sentido común. E o sentido común neste concello dí ‘hai un 90% externalizado na actualidade de forma irregular. Externalízase. Hai un 10 % cunha función pública, vaimos por ela’. Ademais, é no que precisamente no fondo estamos dacordo ao parecer as tres organizacións? É o que queren as traballadoras? Aos representantes dos traballadores dalles igual? Ainda que tamén poidan coincidir con que o servizo poida ser privado máis que nada por defender unha posible xestión privada por parte da diputación, etc? Aquí se estamos todos de acordo cal é o problema? A cabezonería. Ser testán. Porque é así. A min non me diga ‘eu quero o mellor para as traballadoras e para este concello, pero vou en contra’. Eso non ten nin pes nin cabeza. O que deríma despois unha Lei, ou non, as

atribucións que poida ter unha Lei, ou non, as administracións supramunicipais, ou non, eso é unha batalla posterior. Que precisamente hai que dar dende o Concello de Silleda. Na actualidade eswtá claro como é o servizo e como debería ser. En canto ao comité de empresa, vostede o dixo, o comité de empresa asesorase co persoal do sindicato maioritario para ver como é este tema. O que pasa que aí tamén asaltan dúbihadas, porque unha cousa é a reunión con vostede, como lle conta a película, e outra é a reunión que teño eu media hora despois. Porque, independentemente do que dí vostede no plano teórico, sobre un papel pode ser así, xa lle din casos, exemplos, do que pode pasar no plano formal nunha empresa privada. E sábeo, porque vostede é empresario tamén. E supón que terá os mesmos escrúpulos que teñen moitos empresarios. Porque se son os que demostra aquí...pois eses son os escrúpulos que ten. Con esto hai que decir que hai xente que actúa de boa fe, e hai xente que non actúa de boa fe. Hai xente que actúa con principios, e hai xente que actúa sen principios. Hai xente que lle parece o mellor do mundo a decisión que toma, e hai xente que cando menos pono en cautela e discúteo. E eu non vou negar que vostede tome unha decisión final porque aquí na petición do pleno extraordinario, na que solicitamos nós, dí 'Dende a alcaldía de Silleda se convoque un pleno extraordinario no tempo legal establecido para debater, analizar e decidir toda a corporación municipal sobre o futuro do saf antes de proceder á súa privatización definitiva mediante o concurso aberto xa en marcha, o cal quedaría supeditado a decisión plenaria', e vostede convoca o pleno despois de licitar. Por tanto, o pleno este é un absurdo a todas luces porque vostede quere que sexa un absurdo. Unha farsa. Isto sí que é un esperpento. Isto sí que é tiranía. Porque outra cousa é utilizar o pleno, ou se quere unha mesa de portavoces, para debater, analizar, e vostede como alcalde sabe que vai a tomar a decisión que lle dea a gana ao final, porque a normativa aquí ampara aos alcaldes como se fosen birreis. Agora, as corporacións, están para chegar a acordos. E aquí hai un acordo de base que se podería tomar. E no que coincidimos, fixese que cousa más rara o BNG, o PSOE e o PP. E é nesa parte. Por qué realmente non se debatiu iso e non se tomou a decisión sobre iso? Que é no fondo, no que se está debatindo: a privatización total ou non. O resto xa está privatizado, de maneira irregular, pero está privatizado. E aí é onde non se dá o brazo a torcer porque precisamente xa o definiu antes perfectamente: vostedes toman a política 'perder, gañar, empatar' e así non se fai nada, así non se fai política. Vostedes, PSOE e PP, PP e PSOE, o mesmo é. Toman así a política, a ver quen gaña, a ver quen perde. A política faise para debater e chegar a acordos cando se pode chegar, cando non se pode chegar non pasa nada. E chegar a consenso, se pode ser. E senón cada un mantén a súa posición sobre o que aconteceu e o que lle parece e o que non. Un pódese equivocar. Máis a política non se fai con ese espíritu rebanchista dunha competición. Esto non é o mundial. Esto non é unha carreira, aínda que a tomen como unha carreira electoral. Isto trátase de tomar decisións políticas para a xestión da cousa pública. E da cousa pública está: o diñeiro público, a función pública, os cidadáns, o traballo e o respeto por absolutamente todo. E eso é o que ten que facer un alcalde. Entón cando aquí se fala de 'eu alérgo de que...' non, non, niguén fala neses termos. A cuestión é que aquí non hai a mentalidade da protección laboral, que debe ter a administración pública. E a administración pública é a única que garante

realmente hoxe por hoxe a liberdade dos traballadores. O que pasa é que se acabamos tendo gobernantes, presuntamente públicos que acaban gobermando en contra dos traballadores públicos, así nos vai. E se a defensa que se fai do traballo público non é a adecuada, así nos vai. Porque se defende algo no que non se cre. E eso é o que pasa, no fondo. A vostedes, o PP, encantáralles que esto todo fose privado. Porque toman a administración como un montón de problemas. E a administración claro que ten problemas, pero está para solucionarllos á ciudadanía. Pódense tomar decisións dunha maneira ou doutra. Poden ser decisións razonables. Aquí vostede ten unha teoría que é ‘aquí privatízase todo e áinda por riba é mellor para a xente’. Ese é o seu pensamento. Eu teño un pensamento contrario. Outra cousa, e pasamos a falar dos informes. Son informes que le vostede cando lle da a gana e le cando quere, porque antes queixábase de facer estudios económicos e despois reconfíece que sí hai estudios económicos. Todo estudo con contas feito, é un estudo económico. Dá igual de funganito ou menganito. O que pasa que vostede empérrase sempre en dicir que non ten estudios económicos. Aí hai un estudo económico. Un estudo económico no que a partidade está inmerso e aparece nel. É aí é onde están os políticos para tomar decisións políticas. Porque aí non lle está dicindo ‘obligatoriamente hai que facelo así’. Non, aí está dicindo ‘esto é como tñen moitos’, ‘isto é como se está facendo’, ‘isto é o liberalismo puro’, ‘isto é o non sei que’... ah, pois fagamos así. Pero non lle dí o contrario. Aí é onde están as decisións políticas. Eu o que botei en falta de todo iso é: logo de haber un pleno, logo de despois dese pleno non debater sobre o asunto... simplemente se está dicindo que as explicacións que se están dando hoxe, 9 meses despois, de todo aquilo, é o que se debeu ter debatido durante todo este tempo e non se debatiu. Porque non interesa. E despois tómanse decisión sobre esto. Entón, se hai un punto en común, utilicémolo. Se hai unha base común, utilicémola. E non cheguemos aquí como se isto fose un pulso, no que a ver quen gaña. Xa dixen que esto non se trata dunha pelexa.

SR. ALCALDE: Ben. Das aclaracións ao PP... están seguido co mesmo, que eu non quero facer estudios económicos. Se fago estudios económicos, se non fago...eu teño estudios económicos, o que pasa é que o que fan os funcionarios deste concello non lle valen, ou non os cren. Se eu presento o que costa levar as depuradoras, non vale, ten que ser unha empresa de fóra porque senón non vale. Esto que temos aquí, o que costa cada traballador, o que costa a seguridade social de cada traballador, o que costan os km de cada traballador... esto é un estudo económico. Non vén firmado por unha empresa e cunha factura detrás de 6.000 euros? Non, pero fixérono os nosos traballadores e para min é un estudo económico moi válido. O que máis importante me parece do que dixo o PP é onde se fala das ‘irregularidades que se cometan na alcaldía onde se contesta ao seu recurso de reposición’ e esto vou a darlle a palabra ao secretario para que explique o que crea convinte porque aquí se fan as cousas con asesoramento legal.

Secre- Contestando á pregunta do sr. Alcalde a resposta é moi sinxela e clara. O recurso de reposición presentado polo PP presenta un defecto de forma evidente. Os actos de trámite son irrecubríveis. Nunca un acto de trámite se pode recurrir a través

dun recurso de reposición. Esto significa que cando se está a tramitar un expediente, neste caso o saf, leva varios pasos. Eses pasos, en concreto, é da aprobación do Prego da convocatoria da licitación. Eses distintos pasos que leva o expediente, 5, nunca son recurribles cun recurso de reposición. Ademais é unha afirmación que digo de forma taxativa. Non hai recurso posible aos actos de trámite. Precisamente porque é o que se recorre ao remate do expediente. Entón o recurso de reposición, se procede, contra a resolución do expediente. Que neste caso se fixo na XGL o 19 de agosto a adjudicación do servizo á empresa Saluvi. Eso é o que se recurre. Esa resolución é recurrible diante dos tribunais por contencioso administrativo no prazo de 2 meses e, optativamente, o recurso de reposición no Concello.

SR. ALCALDE: Esa é unha das preguntas e a outra aclaración que me gustaría que nos fixera porque insiten moito nela, é sobre o tema da prórroga e da legalidade ou non de poder renunciar a ela e tamén da legalidade ou non do contrato coa prórroga tal e como está estipulado nos pregos.

Secretario – A XGL é competente para adjudicar neste caso obras e servizos, neste caso ata un tempo máximo de 4 anos e na cuantía de 656.000 € que é o 10% dos recursos liquidados do orzamento 2013. Realmente é un pouco máis, porque se se computan os ornamentos son 650.000. Sobre ese límite e no tempo de 4 anos, a XGL pode contratar calquera servizo, neste caso o saf, cun importe anual de 309.000 euros. A polémica que se suscita por parte do PP está en torno á prórroga. O Prego de condicións establece que é prorrogable. Unha prórroga que non é tácita, é opcional. Depende da vontade das partes, que algunha pida 3 meses antes de que remate o contrato e que a outra parte a aceptará ou non. Nese senso cando se fan as valoracións da cuantificación económica do nivel contractual se utiliza, neste caso, un ano porque a prórroga non é fixa. En todo caso, cómpre apuntar que a competencia do alcalde, estritamente abarca 18 meses. Se estamos falando dun límite de 465.000 euros respecto os 309.000 máis a metade (redondeando), nos salen 18 meses. O alcalde é competente para prorrogar, neste caso ata 6 meses e contratar ata 18. E, finalmente, o outro punto polémico é que non se pode renunciar á prórroga... eu considero o seguinte: o alcalde anuncia, neste caso, que vistas as polémicas nas que non entro, que está desposto a renunciar a esa prórroga e é unha opción válida. Pódeo anunciar antes, pode dicir ‘eu se son gobernante, neste caso, estou desposto a renunciar’, non hai ningunha pega en que renuncie, non se viola o equilibrio contractual que está claramente establecido, contrátase por un ano, cunha posibilidade de prorrogar.

BNG- Eu tiña unha pregunta. Non sei se lla pudo facer agora ou despois.

SR. ALCALDE: Sí.

BNG- Vostede dí que o acto de trámite non se pode recurrir; certo, o que se pode recorrir é a decisión política tomada pola XGL, máis...sí se pode paralizar. Unha

resolución do propio órgano de governo ata que se dilucide todo isto nun debate do pleno e despois tomar unha decisión ou non.

Secretario – Cal é a pregunta?

BNG – A pregunta é se se pode paralizar.

Secretario – As licitacións do servizo e as contratacións de obras, unha vez que se convocan hai unha obriga que xenera unha espectativa de dereito por parte dos licitadores que participan. E hai tamén unha obriga legal de adjudicar o servizo. Pero contestando á súa pregunta, hai efectivamente unha posibilidade de deixalo deserto ou de, á vista, das circunstancias, ese goberno o deixe en suspenso.

É diferente ao concepto de acto de trámite, que é un derecho administrativo que é que os trámites son unha continuidade de papeis, que tamén excepcionalmente se pode recurrir, pero son excepcións que agora non veñen ao caso. Entónces os actos de trámite non se recurren porque ese expediente pode acabar en nada. Pode non haber acto definitivo. Solo se pode recurrir aquel expediente que rematou. Respondendo á súa pregunta, outra cousa é o que vostede me plantexa, que eso é unha decisión... claro que un goberno pode decidir paralo.

PP- Por alusións, eu respeto totalmente a súa opinión; difiero dela, non a comparto, e sobre o tema do recurso, da prórroga e todo eso... e o que lle dixen ao sr. Alcalde: esto aclararémolo nun tribunal. Nada máis.

Secre – Non entro nos debates políticos. En todo caso, eu non tño ningún problema de contestar as preguntas. Ese matiz de tipo persoal ... honestamente manifesto a miña opinión...eses detallíños son de tipo político. O que quero dicir con isto é que as opinión que se piden son as opinións, neste caso do Secretario como asesor legal da corporación, e son as opinión que emito eu, Manuel Quintáns, e esas opinións as fago por escrito, e as firmo. Obviamente cunhas consecuencias inherentes a esa responsabilidade. Entónces simplemente dicirlle ao PP que esa matización de ‘o respeto’... por suposto, eu obviamente respeto tamén as súas, pero se me está pedindo una opinión legal e dou a miña opinión legal, independentemente de que vostede non estea satisfeito con ela, claro.

PP- Non dixen que non estea satisfeito, digo que non a comparto.

SR. ALCALDE: Eu entendo perfectamente que neste caso non é que a comparta ou que non. Neste caso é una opinión legal que nos obriga a todos. Hai dúas partes moi diferenciadas, a pregunta que facía o portavoz do BNG, que é una decisión política, que se pode paralizar en certos casos, que é una decisión política non legal, que a tomamos ou non, para eso somos políticos, e hai as decisión legais e a aclaración que fixo sobre o recurso de reposición eu creo que está clara. Non é una opinión, neste caso, estamos falando dun informe da persoa do órgano que ten obriga de informar e nós temos a obriga de acatar os seus informes. Visto o que dixo está claro que ante as

cuestiós legais, vostedes teñen dúas opcións: facer un recurso de reposición ou ir aos tribunais directamente.

BNG- Moito vos gusta estar seguido nos tribunais. Botades máis tempo nos tribunais que tomado decisións políticas.

SR. ALCALDE – Estou dicindo o que aquí se dixo. O secretario contestou ás cuestiós legais ante as cales eu non poño en duda. Nos temas políticos...o PP non vexo nada novo, descoñezo se Saluvi vai a ser capaz de constituir a garantía ou non, eso é algo que non é problema desta corporación, é cousa dunha empresa que se presenta a un concurso. Non podemos prexulgar una empresa que se presenta a un concurso, se vai ser capaz de facelo.

BNG- Iso digo eu. Non se poden prexulgar ás empresas antes de chamalas ou non chamalas.

SR. ALCALDE: Neste caso presentouse quen quixo, non se chamou a ningúén.

BNG- Non falo deste concurso. Falo dos outros todos.

SR. ALCALDE Sobre as declaración do BNG, vennos a dar a razón. Non queres darnos a razón pero dásnola, que si é certo que as traballadoras poden verse moito peor do que están agora e en todo caso correspondería aos alcaldes e concelleiros presentar batalla contra as adm. Superiores se eso sucedera.

Matías – Lavou os oídos esta mañá?

SR. ALCALDE: Sí, que é posible que as traballadoras poidan pasar a outras administracións... e en todo caso corresponde a alcaldes e concelleiros presentar batalla contra esas administracións para que os dereitos tal, tal...

Matías – E a batalla dase mantendo o público. Eso é o que dixen.

SR. ALCALDE. Presentar batalla para que se manteña público. E eu pregúntolle de se está vostede convencido de se os compañeiros de agora van a emprender algunha cruzada dalgún tipo de batalla. Van a presentar algún tipo de batalla? No.

Matías- Pero ti escoitache o que dixen?

SR. ALCALDE: Sí.

BNG- Pois logo quedou clarísimo.

SR. ALCALDE. Clarísicamente. Con respeito ao comité de empresa e á CIG, que parece que estiveron conmigo reunidos e media hora despois reunidos contigo e a mi me dixerón una cousa, e a ti che dixerón outra ... volvi a repetir: primeiro, eu me reuní coas traballadoras cando se levou esto a pleno e expliqueilles cales eran as opcións, as mesmas que agora; segundo, todos aqueles con respecto a esto que pediron unha reunión a título persoal ou a título non persoal, recibín a todos. Os representantes dos traballadores se viran algúns tipo de irregularidade ou se viran que estas traballadoras quedaban en mala situación, que habería outra situación donde poidesen quedar moito mellor, están facendo deixadez das súas funcións. Clarísicamente. Porque tería que haber encima desta mesa algunha proposta ou petición tanto do comité de empresa como dos representantes sindicais, que non hai. Supuestamente o único que hai é unha reunión despois co portavoz do BNG. Pero reunidos conmigo me transmiten que están deacordo e que é a mellor situación para as traballadoras. Volta co estudio económico...e que tomamos as decisións á bartola. Tomamos unha decisión non por cabezonería nin por ...xa non sei o que me chamou antes, tomamos unha decisión que obedece a un estudio económico que está aquí encima da mesa que dí que financieramente é más rentable para o Concello, que obedece a un informe dos técnicos de ss.ss., asistentas sociais que están levando o servizo e que presumo que sben desto máis ca nós que dí que é a mellor forma para os usuarios, tomamos unha decisión ao amparo do que toman o 98% das administracións que teñen este servicio externalizado, tomamos unha decisión despois de ter unha reunión co comité de empresa e representantes das traballadoras na que están deacordo en que as traballadoras quedan na mellor da situación posible. Se esto é ser o... como non lavei os oídos non me acorda, o que me chamou repetidas veces...

BNG- Testán.

SR. ALCALDE Testán non me parece mal. A outra palabra. Tirano. Se esto é ser tirano, pois... a ver...porque un tirano dille 'ordenó y mando y hago esto', non pide a opinión.

BNG- Exactamente. Ordeno y mando e fago esto.

SR. ALCALDE: Aquí quen manda eso son: os estudios económicos, os estudios de ss.ss., dos técnicos...os únicos que queren mandar ao contrario son 7 persoas aquí. En contra do resto todo. Sete persoas que din 'yo ordeno y mando' e entre os 7 reúnen a mayoría e queremos en contra do resto todo. Claro que non é cuestión de ganar ou empatar. Eu se soubera que todos neste pleno votaran en conciencia o que creñen mellor, porque está claro... douche a razón a ti, persoalmente como portavoz do teu grupo, aínda que os teus compañeiros do teu partido nos seus concellos saben que tal e por eso fixeron doutra forma, pero os desta bancada saben perfectamente e eles creñen que é a mellor opción. Transmitíronlle incluso a algún compañero deles de partido. Se obrasesmos todos en consecuencia e votásemos o que cremos cal é a mellor opción asegúrovos que aquí viría a pleno todo o que se pode traer a pleno,

pero o que non se pode traer ao pleno é cando se sabe que solo se vai a votar en medida se fai máis ou menos daño a este goberno, obviando 40 e pico usuarios. Para rematar, o último comentari que fixo de que mire moi ben cando fai acusacións...cando dixo que estaría pensando en contratar a xente...digo que me gustaría que medisen ben cando fan esas acusacións. Eu creo que debería ser un debate más honesto. Porque vostede non debe dudar da nosa honestidade. Non creo que haxa motivos.

BNG – Vostede o dixo, o obrar en consecuencia... por eso nós presentamos unha proposta na que de fondo había un acordo, pero vostede pasou por enriba.

SR. ALCALDE Cando se sabe claro que se trae algo ao pleno e hai grupos que na súa ideoloxía van por ese lado, pero por facer daño ao goberno van a votar o contrario...Eu creo que o debate quedou más ou menos claro. Xa levamos 2 horas debatindo, pola miña parte solo espero haber acertado coa decisión.

BNG- De aí a pregunta, que era de sentido común, ao secretario, de paralízalo referíame a proceder á parálese do proceso de licitación para explicar, definir, debater e acordar. E iso non se fixo. E aí houbo deixadez do gobernó. Independentemente da resolución que se tomase. Falábanse de cuestións políticas.

SR. ALCALDE: Unha decisión política a sabiendas de que aquí non todo mundo iba a votar o que se cre o mellor para este servizo.

Non habendo máis asuntos que tratar conclúe a sesión as 1300 horas do día 26 de Agosto de 2014. Do que, como Secretario, DOU FE.

